

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600000064
05/01/16 09:54:30

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE XANEIRO DE 2016, POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS E A DE EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ERASMUS PARA DOCENCIA PARA O CURSO 2015-2016, PUBLICADA POR RESOLUCIÓN REITORAL DE 11 DE NOVEMBRO DE 2015

Publicada por Resolución Reitoral do 11 de novembro de 2015 a convocatoria de bolsas Erasmus para persoal docente e investigador con docencia para o curso 2015-2016, esta Reitoría

RESOLVE:

1. Publicar unha relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite no anexo I.
2. Publicar unha relación definitiva de solicitudes excluídas no anexo II.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, é posible interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a interesado/a poderá optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



O REITOR
Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)
O vice-reitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 5 de xaneiro de 2016
A Responsable da ORI

Amelia Rodríguez Piña

